



Vicerreitoría  
de Formación e  
Innovación Educativa

# A creación de contidos didácticos para a docencia online (Campus de Ourense)

---

## Programa de Formación Permanente do Profesorado

**Universidade de Vigo**

**Vicerreitoría de Formación  
e Innovación Educativa**

Edificio Reitoría,  
Campus universitario s/n  
36310 Vigo  
Tfno: 986 813586  
Fax: 986 813818  
Correo-e: vic.fie@uvigo.es



## A CREACIÓN DE CONTIDOS DIDÁCTICOS PARA A DOCENCIA ONLINE

### PRESENTACIÓN

O curso “A CREACIÓN DE CONTIDOS DIDÁCTICOS PARA A DOCENCIA ONLINE” insírese dentro das accións formativas institucionais da Universidade de Vigo para o ano 2009. As devanditas accións formativas están organizadas pola Vicerreitoría de Formación e Innovación Educativa, a través da Área de Innovación Educativa.

### OBXECTIVO XERAL

A finalidade do curso é proporcionar ao profesorado un método sistemático na elaboración e adaptación de contidos para a docencia online.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer as características e posibilidades do ensino virtual.
- Adquirir os coñecementos necesarios para deseñar e estruturar os contidos dunha materia virtual.
- Coñecer as características máis relevantes para un bo material escrito para a docencia virtual.
- Achegar ideas e solucións para activar a implicación do alumnado no curso.
- Definir os novos roles e funcións docentes que debe exercer o profesorado nos contornos virtuais de aprendizaxe.

### DESTINATARIOS/AS

O curso está destinado a todo o profesorado da Universidade de Vigo.

### DURACIÓN

Trátase dun curso semipresencial cunha duración de 22 horas.

### LUGAR DE CELEBRACIÓN

CAMPUS DE OURENSE. O 13 de novembro na aula informática da Biblioteca Central; e o 9 e 10 de decembro na aula 3.4 do edificio de Ferro.

### CALENDARIO E HORARIO

Bloque 1. Taller presencial:

13 de novembro de 17:00-19:00 horas.



## A CREACIÓN DE CONTIDOS DIDÁCTICOS PARA A DOCENCIA ONLINE

Bloque 2. Taller virtual:

Do 14 de novembro ao 8 de decembro.

Bloque 3. Taller presencial:

9 e 10 de decembro de 17:00-19:00 horas.

### PRAZAS

MÁXIMO = 20

### CERTIFICADO DE ASISTENCIA

A asistencia ao curso será certificada pola Universidade de Vigo a todas as persoas inscritas que asistan ás tres sesións presenciais completas, participen satisfactoriamente na parte virtual e de modo activo a través do foro.

### PROFESORADO

SONIA ÁLVAREZ LÓPEZ

### CONTIDOS

#### **Taller presencial**

“Presentación do grupo e do contorno virtual de aprendizaxe”

(2 horas)

Día: 13 de novembro de 2009

Horario: de 17:00 a 19:00 horas

#### **Obxectivos:**

- Dar a coñecer os obxectivos, contidos e actividades do curso.
- Coñecer aos participantes do curso.
- Coñecer o funcionamento da plataforma virtual.

#### **Taller virtual**

“Introdución á creación de materiais e recursos didácticos para a docencia online”

(16 horas)

Do 14 de novembro ao 8 de decembro



## A CREACIÓN DE CONTIDOS DIDÁCTICOS PARA A DOCENCIA ONLINE

Terá unha duración de 16 horas e desenvolverase na plataforma Moodle (FaiTIC) da Universidade de Vigo, por medios asíncronos. Disporase dun material de lectura e consulta e estableceranse unha serie de actividades para realizar neste período de tempo.

### **Obxectivos:**

- Coñecer as características e posibilidades do ensino virtual.
- Adquirir os coñecementos necesarios para deseñar e estruturar os contidos dunha materia virtual.
- Coñecer as características máis relevantes dun bo material escrito para a docencia virtual.
- Achegar ideas e solucións para activar a implicación do alumnado no curso.
- Coñecer cales son as funcións e os cambios do rol docente na virtualidade.

### **Contidos:**

1. A teleformación. Características, vantaxes, inconvenientes, modelo educativo.
2. Como elaborar un modelo de curso. A interactividade. A estrutura do curso. A estrutura das unidades de aprendizaxe. Proposta dun modelo de unidade de aprendizaxe. Aplicación práctica.
3. Pautas para o deseño de contidos en contornos virtuais. Extensión dos contidos. Escribir para a web. Requisitos mínimos de redacción. Como mellorar a comprensión. Características tipográficas do texto. Formato dos contidos. Normas para as referencias bibliográficas. Consellos para facer o curso máis atractivo e fácil de usar.
4. Cómo facer traballar ao alumnado: actividades e avaliación.
5. Novos roles e funcións docentes nos contornos virtuais de aprendizaxe

### **Taller presencial**

“Compartindo a experiencia nos contornos virtuais”

(2 horas)

Día: 9 de decembro de 2009

Horario: de 17:00 a 19:00 horas



## A CREACIÓN DE CONTIDOS DIDÁCTICOS PARA A DOCENCIA ONLINE

Nesta última sesión os participantes comparten experiencias, coñecementos e propostas en ambientes virtuais e reflexionan sobre elas.

### **Obxectivos:**

- Promover o intercambio de información entre o profesorado, compartindo a experiencia e o coñecemento.

### **Taller presencial**

“Peche do curso”

(2 horas)

Día: 10 de decembro de 2009

Horario: de 17:00 a 19:00 horas

A última sesión presencial destinarase a efectuar un resumo do curso, así como a aclarar calquera dúbida sobre os contidos do mesmo.

### **Obxectivos:**

- Aclarar dúbidas, debater propostas e elaborar conclusións.